



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 132/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 21 de decembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de decembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendidas as súas solicitudes de acceso á información por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a pesar de que a resolución era formalmente estimatoria.

O reclamante interesa que se inste á consellería *“a que me envíe a información solicitada, de forma íntegra (número de profesorado con destino en centros dependentes de esa Consellería, coas indicacións sinaladas no propio escrito) e no formato indicado (folla de cálculo)”*. Fundamenta a súa reclamación en que a resposta supón unha denegación, toda vez que remite á consulta das resolucións de adxudicacións de destino publicadas na web. Alega que en anteriores solicitudes entregouse a documentación na forma solicitada.

A resolución de 22 de novembro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, fronte á que o reclamante formula o seu recurso, concede o acceso á información solicitada nos seguintes termos: -Se resolve conceder o acceso remitindo á ligazón www.edu.xunta.es, coas seguintes indicacións: “premer na pestana de profesorado (parte superior) e despois no apartado “xestión do Profesorado” (menú da parte esquerda), no que atopará un novo menú no que pode consultar toda a información solicitada clasificada por áreas temáticas (comisións de servizo, concursos de traslados, xubilacións,...). En particular, respecto dos destinos definitivos e provisionais do profesorado, achégaselle algunhas das ligazóns concretas: <http://edu.xunta.gal/portal/node/22150> (adxudicación definitiva do concurso de mestres) <http://edu.xunta.gal/portal/node/22044> (adxudicación definitiva do concurso de catedráticos, PES, PT, EOI, EAA, OA, CMUS, Inspectores ao servizo da Administración Educativa e Inspectores educativos. <http://edu.xunta.gal/portal/node/23084> (concurso de destinos provisionais de catedráticos, secundaria FP) <http://edu.xunta.gal/portal/node/22950> (concurso de destinos provisionais de mestres).” Engade que as solicitudes “que impliquen tarefas de reelaboración ou reordenación da información así como a transformación do formato no que estean almacenadas ao gusto do solicitante, constitúen peticións exorbitantes do amparo das leis de transparencia e sitúanse, xa que logo, fora do marco de aplicación das obrigas de publicidade activa e de acceso á información ás que están sometidas as administracións públicas, que se cinguen a achegar de xeito accesible a información da súa actividade á cidadanía”.

O reclamante sinala que iso supón a denegación da entrega e que coas ligazóns “só é posible acceder ás persoas que no presente curso académico cambiaron de centro de traballo con carácter provisional (1887 docentes) ou provisional (sic) (6.902 docentes), o que fai un total de 8.789 persoas. Se partimos da cifra oficial de efectivos da consellaría (30.098), esa información só abrangue o 29% dos cadros de persoal, cando a solicitude se refería á totalidade”.

Segundo. O 11 de xaneiro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción o 16 de xaneiro de 2018.

Terceiro. O 27 de febreiro de 2018 a consellaría remite o informe e o expediente. O informe indica que resolveu a concesión do acceso á información solicitada dentro dos termos e coas cautelas esixidas nas leis de transparencia. Alude a que resolveuse mediante a indicación dos enlaces onde a información está publicada en cumprimento das obrigas de publicidade activa, o que é adecuado de acordo co previsto no artigo 22.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro. Nalgúns casos existen filtros de busca para facilitar o acceso e non como traba. E respecto da clasificación da información alude a que “o volume da información do persoal

docente fai imposible a publicación con todas as variantes de clasificación". A consellería indica tamén que *"o reclamante recoñece expresamente que a información está publicada"* e so cuestiona a súa forma de clasificación, o que fai que a solicite dun xeito específico. Antes enviárase en folla de cálculo porque nese intre estaba en posesión da administración nese formato e non tiña que reelaborala. Porén, non existe a obriga xeral de transformar a información actual cunha estrutura ou clasificación concreta.

A consellería sinala que os aspectos controvertidos son a reelaboración da información seguindo uns criterios de clasificación e a inclusión do NIF dos afectados. Respecto da primeira circunstancia alega que precisa previa reelaboración, o que non ampara a lei (artigo 18 da lei 19/2013, do 9 de decembro). Cita criterios de aplicación desta causa legal de inadmisión das solicitudes de información pública; sería reelaboración a labor específica para recadala ou ordenala, ou ter que extraer a información dunha pluralidade de expedientes ou soportes. En relación co segundo aspecto (a inclusión do NIF) é necesario o trámite de audiencia das persoas afectadas (artigos 19.3 da lei 19/2013, do 9 de decembro, e 27.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro) e o seu consentimento expreso, e iso resultaría abusivo (artigo 18 da lei 19/2013, do 9 de decembro).

Cuarto. O 14 de marzo detéctase que o informe non viña acompañado da documentación que o informe indicaba. Recíbese por correo electrónico o 16 de marzo de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Son aplicables a Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión

da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á eventual impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro (básica).

Tanto o concepto de información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

A lei 19/2013, de 9 de decembro, ten por obxecto *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública”* e *“regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade”* (art. 1). No seu preámbulo sinala que *“a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

A Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, sinala na súa Exposición de Motivos que *“a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións”* aconsella a aprobación do texto, e resalta a superación dos anteriores estándares (*“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”*), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo de presentación da reclamación

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, remite ao artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, para establecer o prazo de interposición da reclamación ante a Comisión da Transparencia. Este prazo é dun mes desde o día seguinte ao da notificación. A reclamación foi presentada o 21 de decembro de 2017 no Rexistro da Xunta de Galicia, sendo a resolución de 22 de novembro de 2017 (descoñecese a data de notificación), polo que presentouse dentro do prazo.

Quinto.- Análise do expediente

En relación ao carácter de información pública da petición, ambas as partes están de acordo en que o solicitado ten ese carácter. A consellería estima a solicitude, polo que reconece a necesidade de achegar a información, pero o reclamante alega que non está completa e reclama a entrega nouro formato.

Tal e como sinala no seu informe a consellería, o obxecto do recurso son dous cuestións: a reelaboración da información seguindo uns criterios de clasificación e a inclusión do NIF dos afectados.

En relación co primeiro aspecto de controversia (criterios de clasificación) resulta aplicable o alegado pola consellería. Para a entrega dos datos nunha forma ou sistemática diferente á dispoñible na web precisaría unha previa reelaboración, entendida esta como a necesidade de recadación ou novo orde, ou a extracción da información dunha pluralidade de expedientes ou soportes. A sistemática reclamada precisa reelaboración, sobre todo cando a información é moi voluminosa, como neste caso. É aplicable o criterio de inadmisión da solicitude canto precise de reelaboración (artigo 18.1.c da Lei 19/2013, de 9 de decembro).

A estimación se produce adecuadamente mediante a remisión dos enlaces nos que se atopa a información pública, o que se axusta ao legalmente previsto (artigo 22.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). A transparencia concrétase neste caso en dar periodicamente e de xeito claro, veraz, obxectivo e doadamente accesible a información relevante relativa ao funcionamento dos obrigados, especialmente as administracións, por desenvolverse con financiamento público. O dereito cidadán a acceder á información pública pode concretarse na remisión específica e clara ao publicado. A remisión ás localizacións da información na web é unha resposta adecuada sempre que a información sexa reutilizable e completa.

Neste caso non se reclama a modificación do formato, o que si se podería facer, aínda que conlevando o pago de taxas, senón unha sistemática diferente á dispoñible, o que supón, como xa indicamos, a súa reelaboración.

Por tanto, a información ofrecida publicamente e concretada mediante enlaces non ten por qué reelaborarse. Porén, se ao marxe da publicidade activa a consellería dispuxera dos datos na sistemática reclamada, entón debería proporcionarlos. O reclamante sinala que a consellería os ten (*“están incorporados ás bases de datos de persoal da consellería”*), pero esta informa de que non é así, posto que a única alternativa que tería sería a reelaboración do publicado.

En canto ao segundo aspecto obxecto de controversia (incluír o NIF), a consellería alega que debe ofrecer a posibilidade de presentar alegacións aos afectados, e dado o seu amplísimo número resultaría desproporcionado. Mesmo alega que deben consentilo expresamente. En relación con iso debemos indicar que o DNI é un dato persoal, pero non un especialmente protexido de acordo coa normativa de protección de datos, á que se remite a de transparencia neste punto. Por tanto, non é preciso o previo consentimento do afectado. Si é precisa a ponderación do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal (artigo 15.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). A iso se engade, como sinala a consellería, a necesidade de conceder un prazo de alegacións aos afectados (artigo 19.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). Esta necesidade de trámite previo de alegacións non é o determinante na ponderación que tratamos; o verdadeiramente relevante para ponderar neste caso é que o dato reclamado é accesorio e prescindible no conxunto da información solicitada e proporcionada.

Una vez sentadas estas bases debe engadirse que o aspecto principal da reclamación é se a información proporcionada mediante enlaces é toda a solicitada. O reclamante sinala que non, tal e como queda expresado no apartado primeiro dos antecedentes, pero a consellería entende que si, posto que estima a solicitude e so cuestiona a sistemática solicitada e a aportación dos DNI.

Procede a entrega de toda a información mediante os enlaces que podan faltar (salvo os DNI), isto é, se confírmase que os proporcionados non responden en todo á información solicitada. O dereito de acceso a información pública só pode limitarse tras unha ponderación axustada ás circunstancias do caso e os límites legais a ponderar deben interpretarse de xeito restritivo, tal como di a Sentenza do Tribunal Supremo 1547/2017, do 16 de outubro.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] contra a resposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a súa solicitude de información pública.

Segundo: Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que no prazo de 15 días hábiles comprobe se cos enlaces proporcionados se achega toda a información reclamada, salvo os DNI; que en caso negativo complete os enlaces; que se a información non estivera completa cos enlaces se proporcione en formato electrónico e respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro; e que se dea coa sistemática reclamada so para o caso de dispor dela sen previa reelaboración.

Terceiro: Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que no mesmo prazo remita a esta comisión copia da nova resposta e acreditación da súa recepción polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga